

SEMANA DOS MUSEOS

MUSEOS E HISTORIAS CONTROVERTIDAS: DICIR O INDICIBLE NOS MUSEOS

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
16-21 de maio de 2017

Coa finalidade de sensibilizar o público respecto do papel que lles corresponde aos museos no desenvolvemento da sociedade, o 18 de maio celebramos o Día Internacional dos Museos. Desde 1992, o Consello Internacional de Museos (ICOM) propón un lema anual arredor do cal se reúnen todos os membros da comunidade museística internacional, calquera que sexa a súa natureza. O tema proposto para o ano 2017 é *Museos e historias controvertidas: dicir o indicible nos museos*.

Con este motivo o CGAC programa unha semana chea de actividades dirixidas a todos os públicos: a exposición da obra *El final, aquí* (2003-2008), do artista Jorge Barbi, cuxa temática está vinculada ao lema proposto polo ICOM; visitas guiadas ás exposicións, visitas guiadas á arquitectura e á historia do CGAC, talleres para familias e un concerto de Vertixe Sonora Ensemble.

EXPOSICIÓN *EL FINAL, AQUÍ* (2003-2008). JORGE BARBI

Do martes 16 ao domingo 21 de maio, de 11:00 a 20:00 h

O CGAC rescata dos fondos da súa colección unha peza do artista galego Jorge Barbi, que retrata lugares aparentemente comúns pero cunha gran carga histórica e dramática soterrada.

Un proxecto que recolle fotografías realizadas polo artista ao redor das súas investigacións sobre a memoria histórica. Entre 2003 e 2007 Jorge Barbi reúne datos precisos de lugares de fusilamentos en zonas rurais. Paisaxes que evocan lugares que adoitan pasar desapercibidos. Segundo o autor son "...lugares comúns onde aparentemente nunca aconteceu nada, ata que a memoria invisible que encerran os carga de singularidade... Nestas fotografías o punto de vista da cámara está situado no lugar onde caeron os paseados. Non é posible reproducir o que estas persoas viron por derradeira vez, se é que nesa trágica circunstancia se pode ver outra cousa que os propios pensamentos, mais estes son os lugares que outros elixiron para o seu final; nós si que os vemos e neles a súa última mirada".

VISITAS GUIADAS Á ARQUITECTURA E Á HISTORIA DO CGAC

Mércores 17 e xoves 18 de maio, ás 12:00 h e ás 18:00 h

Durante o percorrido destas visitas falarase do deseño do edificio que alberga o Centro Galego de Arte Contemporánea, proxectado e construído entre 1988 e 1993 polo arquitecto portugués Álvaro Siza Vieira, e da súa estreita relación formal e conceptual co parque de Bonaval e coa cidade de Santiago de Compostela.

Durante estas visitas especiais, que ofreceremos os días 17 e 18 de maio co gallo do Día Internacional dos Museos, faremos un repaso



Con el fin de sensibilizar al público respecto al papel que les corresponde a los museos en el desarrollo de la sociedad, el 18 de mayo celebramos el Día Internacional de los Museos. Desde 1992, el Consejo Internacional de Museos (ICOM) propone un lema anual en torno al que se reúnen todos los miembros de la comunidad museística internacional, cualquiera que sea su naturaleza. El tema propuesto para el año 2017 es *Museos e historias controvertidas: decir lo indecible en los museos*.

Con este motivo el CGAC programa una semana llena de actividades dirigidas a todos los públicos: la exposición de la obra *El final, aquí* (2003-2008), del artista Jorge Barbi, cuya temática está vinculada al lema propuesto por el ICOM; visitas guiadas a las exposiciones, visitas guiadas a la arquitectura y a la historia del CGAC, talleres para familias y un concierto de Vertixe Sonora Ensemble.

EXPOSICIÓN *EL FINAL, AQUÍ* (2003-2008). JORGE BARBI

Del martes 16 al domingo 21 de mayo, de 11:00 a 20:00 h

El CGAC rescata de los fondos de su colección una pieza del artista gallego Jorge Barbi que retrata lugares aparentemente comunes pero con una gran carga histórica y dramática soterrada.

Un proyecto que recoge fotografías realizadas por el artista alrededor de sus investigaciones sobre la memoria histórica. Entre 2003 y 2007 Jorge Barbi reúne datos precisos de lugares de fusilamientos en zonas rurales. Paisajes que evocan lugares que suelen pasar desapercibidos. Según el autor son "...lugares comunes donde aparentemente nunca aconteció nada, hasta que la memoria invisible que encierran los carga de singularidad... En estas fotografías el punto de vista de la cámara está situado en el lugar donde cayeron los paseados. No es posible reproducir lo que estas personas vieron por última vez, si es que en esa trágica circunstancia se puede ver otra cosa que los propios pensamientos, mas estos son los lugares que otros eligieron para su final; nosotros sí que los vemos y en ellos su última mirada".

VISITAS GUIADAS A LA ARQUITECTURA Y A LA HISTORIA DEL CGAC

Miércoles 17 y jueves 18 de mayo, a las 12:00 h y a las 18:00 h

Durante lo recorrido de estas visitas se hablará del diseño del edificio que alberga el Centro Galego de Arte Contemporánea, proyectado y construido entre 1988 y 1993 por el arquitecto portugués Álvaro Siza Vieira, y de su estrecha relación formal y conceptual con el parque de Bonaval y con la ciudad de Santiago de Compostela.

Durante estas visitas especiales, que ofreceremos los días 17 y 18 de mayo con motivo del Día Internacional de los Museos, haremos un repaso

tanto da historia do CGAC coma das súas claves arquitectónicas, transitando desde o pórtico exterior ata a cuberta do edificio.

Para participar nesta actividade non se precisa inscrición previa. As visitas partirán da recepción do CGAC ás 12:00 h e ás 18:00 horas. O grupo formarase por orde de chegada ata un máximo de 25 persoas. As visitas terán unha duración aproximada de 50 minutos.

CONCERTO DO CICLO *MÚSICA E ARTE*. *CORRESPONDENCIAS SONORAS*

Venres 19 de maio, ás 19:00 h

Sala de exposición *Criterios interpretativos* (planta baixa)

Todos os anos na semana dos museos presentamos a nova edición do ciclo *Música e arte. Correspondencias sonoras* no que, baixo o comisariado de Vertixe Sonora, compositores internacionais crean pezas musicais a partir das exposicións do CGAC.

Nesta ocasión, presentamos a estrea en España da nova obra do compositor galego Ramón Souto *Catálogos de sopro, respiración e asubío* (ciclo *Outra historia do vento*), que estuda de xeito obsesivo e recorrente a difusión do aire. Será interpretada por Vertixe Sonora Ensemble con Pablo Coello, Ailsa Lewin, Nerea Rodríguez e Diego Ventoso (manipuladores de obxectos).

VISITAS GUIADAS EN FIN DE SEMANA

Sábado 20 de maio, ás 12:00 h

O público poderá achegarse ao CGAC para gozar da mostra *[Ex]posicións críticas. Discursos críticos na arte española, 1975-1995* acompañado por unha mediadora especializada en arte. Estas visitas teñen como finalidade estimular o interese pola creación artística contemporánea e facilitar a comunicación entre o espectador e as obras de arte.

Para participar nesta actividade non se precisa inscrición previa. As visitas partirán da recepción do CGAC ás 12:00 h. O grupo formarase por orde de chegada ata un máximo de 25 persoas. As visitas terán unha duración aproximada de 50 minutos.

TALLERES PARA FAMILIAS. O CORPO

Aquí e agora. Marina Abramovic

Sábado 20 de maio, de 11:00 a 13:00 h. Taller dirixido a familias con nenos e nenas de 4 a 6 anos

Domingo 21 de maio, de 11:00 a 13:00 h. Taller dirixido a familias con nenos e nenas de 7 a 9 anos

Esta actividade está deseñada para que os pequenos e pequenas poidan descubrir, crear, gozar e achegarse ao fascinante universo da arte contemporánea xunto coas súas familias.

A artista Marina Abramovic traballa co seu corpo. Na súa obra pon a proba os seus límites físicos e mentais e asemade implica e explora o espectador nas súas accións. Converte as súas pezas artísticas en experiencias compartidas co público en tempo real. Neste taller empregaremos o noso corpo como materia prima para provocar e para crear. Tal como ocorre na traxectoria de Abramovic, pasaremos da acción á pura presenza. Tócanos experimentar coa forma viva da arte: a *performance*.

Prazo de inscrición: do 8 ao 19 de maio en cgac.educacion@xunta.gal (indicar nome completo, idade, teléfono e enderezo electrónico).

tanto de la historia del CGAC como de sus claves arquitectónicas, transitando desde el pórtico exterior hasta la cubierta del edificio.

Para participar en esta actividad no se necesita inscripción previa. Las visitas partirán de la recepción del CGAC a las 12:00 h y a las 18:00 horas. El grupo se formará por orden de llegada hasta un máximo de 25 personas. Las visitas tendrán una duración aproximada de 50 minutos.

CONCIERTO DEL CICLO *MÚSICA Y ARTE*. *CORRESPONDENCIAS SONORAS*

Viernes 19 de mayo, a las 19:00 h

Sala de exposición *Criterios interpretativos* (planta baja)

Todos los años en la semana de los museos presentamos la nueva edición del ciclo *Música y arte. Correspondencias sonoras* en el que, bajo el comisariado de Vertixe Sonora, compositores internacionales crean piezas musicales a partir de las exposiciones del CGAC.

En esta ocasión, presentamos el estreno en España de la nueva obra del compositor gallego Ramón Souto *Catálogos de sopro, respiración e asubío* (ciclo *Outra historia do vento*), que estudia de manera obsesiva y recorrente la difusión del aire. Será interpretada por Vertixe Sonora Ensemble con Pablo Coello, Ailsa Lewin, Nerea Rodríguez y Diego Ventoso (manipuladores de objetos).

VISITAS GUIADAS EN FIN DE SEMANA

Sábado 20 de mayo, a las 12:00 h

El público podrá acercarse al CGAC para disfrutar de la muestra *[Ex]posiciones críticas. Discursos críticos en el arte español, 1975-1995* acompañado por una mediadora especializada en arte. Estas visitas tienen como finalidad estimular el interés por la creación artística contemporánea y facilitar la comunicación entre el espectador y las obras de arte.

Para participar en esta actividad no se necesita inscripción previa. Las visitas partirán de la recepción del CGAC a las 12:00 h. El grupo se formará por orden de llegada hasta un máximo de 25 personas. Las visitas tendrán una duración aproximada de 50 minutos.

TALLERES PARA FAMILIAS. EL CUERPO

Aquí y ahora. Marina Abramovic

Sábado 20 de mayo, de 11:00 a 13:00 h. Taller dirigido a familias con niños y niñas de 4 a 6 años

Domingo 21 de mayo, de 11:00 a 13:00 h. Taller dirigido a familias con niños y niñas de 7 a 9 años

Esta actividad está diseñada para que los niños y niñas puedan descubrir, crear, disfrutar y acercarse al fascinante universo del arte contemporáneo junto con sus familias.

La artista Marina Abramovic trabaja con su cuerpo. En su obra pone a prueba sus límites físicos y mentales y además implica y explora al espectador en sus acciones. Convierte sus piezas artísticas en experiencias compartidas con el público en tiempo real. En este taller emplearemos nuestro cuerpo como materia prima para provocar y para crear. Tal como ocurre en la trayectoria de Abramovic, pasaremos de la acción a la pura presencia. Nos toca experimentar con la forma viva del arte: la *performance*.

Prazo de inscrición: del 8 al 19 de mayo en cgac.educacion@xunta.gal (indicar nombre completo, edad, teléfono y correo electrónico).



SERVIZO DE ACTIVIDADES E PROXECTOS EDUCATIVOS

Rúa Ramón del Valle Inclán 2, 15703 Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 602/31 / cgac.educacion@xunta.gal

www.cgac.xunta.gal



XUNTA
DE GALICIA

galicia